

## A CIDADE QUE LE. Descubriendo espazos e tempos para a lectura.

Isto é para ti que pensas que ler abre as portas do futuro.

Para ti, disposta a descubrir entre as liñas dos libros soños, países, viaxes, aventuras ou mil posibilidades máis.

Para ti que queres contribuír á tarefa de facer lectores e lectoras que len porque si, porque lles gusta, porque lles sae de dentro, alá do fondo.

Para ti que que pensas como o sabio aquel :  
Levo corenta anos lendo e aínda descoñezo para que. O único que sei é que se houbera unha resposta, atoparíaa nun libro.

Aproveita e colle un libro, calquera sitio é bo para ler. Durante o día terás moitas ocasións, na consulta, no parque, no bus... agradecerás a compañía dun libro, sempre te compensará.

Para esa persoa especial, precisas un agasallo especial, na librería máis próxima seguro que teñen o que buscas.

Achégate ás bibliotecas, sempre estaremos a túa disposición, para mostrar novidades, achegar ferramentas, allanar os camiños, facilitar o contacto, impulsar o interese, motivar a curiosidade, esperar o desexo... *Anímate a formar parte do gran clube de amigos e amigas da lectura que xa chegou ás 60.000 persoas.*



**Concello da Coruña**  
Concellaría de Cultura

**VAI SOL  
E O BANCO ESTÁ LIBRE.  
APROVEITA E LE.**



BENVIDA  
Á GRAN  
BIBLIOTECA:  
A CIDADE.



**Concello da Coruña**  
Concellaría de Cultura

## Participa nas actividades que van converter a cidade nunha gran biblioteca durante todo o mes de abril.

- Os Clubs de lectura celebran o 50º aniversario da Esmorga cun Roteiro Blanco Amor por Ourense.
- Certame de curtas arredor da Esmorga. En colaboración coa Escola de Imaxe e Son.
- “Coller o arco iris”, escolma de Xavier Seoane de ditos sobre a lectura.
- “Caseta de Atención Primaria: Consultorio de lectura”. Feira do Libro (do 22 ao 26 de abril)

### Xoves 2 de abril “Día do libro infantil e xuvenil”:

Ás 12.00 h. nos Xardíns de Méndez Núñez inicia a súa marcha en “bici” a campaña a favor do libro e a lectura diante do monumento ao libro:

- Reparto de postais e folletos.
- Depósito de libros.
- Roteiro polas esculturas literarias dos xardíns.
- Lecturas do alumnado do CEIP Eusebio da Garda.

### Venres 3 e sábado 4 de abril:

“La lluvia amarilla” un texto de Julio Llamazares monologado por Chema de Miguel. Teatro Rosalía.

### Luns 6 de abril:

19.30 h. Inauguración da exposición “Libros para ver”, fondos da Biblioteca de Estudos Locais. Sala de exposicións de Durán Loriga.

### Do 13 ao 30 de abril:

O Forum vestirá de xeito especial, convertíndose no centro-base da lectura na cidade con actividades para que pequenos e maiores gocen rodeados de libros. Todos os días ás 18.00 h. visita guiada á exposición e actividades de animación.

### Luns 13 de abril:

13.00 h. Inauguración da exposición de libros no hall do Forum.

18.30 h. Casa Hamlet representa “Ratiña linda de Compostela”.

### Mércores 15 de abril:

18.30 h. Obradoiro de banda deseñada con Xosé Tomás.

### Xoves 16 de abril:

18.30 h. “Versos que descubrir e sementar”. Clara Porta Soler.

### Venres 17 de abril:

18.30 h. “A Primavera de Botticelli para todos os sentidos”. Clara Porta Soler.

### Sábado 18 de abril:

18.30 h. “Consellos prácticos para facer maxia” co mago Martín Camiña.

### Luns 20 de abril:

18.30 h. “Lía, a exploradora de cidades”. María Torres.

### Martes 21 de abril:

18.30 h. “As cidades asulagadas na pintura de Urbano Lugrís”. Clara Porta Soler.

### Mércores 22 de abril:

12.00 h. Inauguración da Feira do Libro. Xardíns de Méndez Núñez.

18.30 h. “A illa descoñecida”. Gonçalo Guerreiro dramatizará no Forum o conto de X. Saramago.

### Xoves 23 de abril “Día do libro”:

As bibliotecas instálanse por un día na estación de ferrocarril e autobuses. Animación de rúa “A escritora e as musas”. Compañía Femme Fatal.

De 17.00 a 19.00 h. Lectura colectiva da Esmorga nos Xardíns Méndez Núñez e concerto ourensá.

19.30 h. Entrega de premios do certame de fotografía “Amósanos o que les”.

### Sábado 24 de abril:

18.30 h. Obradoiro de ilustración con Xosé Tomás no Forum.

20.00 h. María Reimóndez inicia o “II Encontro Cidade da Coruña. Palabra de Muller” na Real Academia Galega. Colabora a AELG.

### Sábado 25 de abril:

12.00 h. Concerto da Banda Municipal nos Xardíns de Méndez Núñez.

### Martes 28 de abril:

18.30 h. Representación teatreal no Fórum.

### Mércores 29 de abril:

18.30 h. Contacontos no Fórum.

20.00 h. Concerto de Jazz con Pepe Doré no Fórum.

### Xoves 30 de abril:

18.30 h. Espectáculo *Librolibrame* no Fórum. Lectura e xogo dramático acompañado de mundos sonoros e plásticos. Áncora Producións.

## CICLO CINEMA E CIDADE NO FORUM Abril 2009

### Sala Fernando Rey:

16, 17 e 18: The third man, de Carol Reed.  
23, 24 e 25: Roma, de Federico Fellini.

### Sala Marilyn Monroe:

16, 17 e 18: Va savoir, de Jacques Rivette.  
23, 24 e 25: En la ciudad de Sylvia, de J.L. Guerin.